

PLAN DE TRABAJO

I- Actividades interdisciplinares previstas

NOTA: as actividades non teñen que desenvolverse nesta orde, de feito neste momento aínda non temos elaborada a temporalización. Un dos nosos obxectivos é **colaborar en rede con outros centros educativos**, e nese caso temos que adaptarnos ao calendario que negociemos con esta rede, así mesmo teremos que ser flexibles para participar nas actividades formativas e coas saídas escolares. Por outra banda pode suceder que algunha se estenda no tempo quedando outras para cursos vindeiros. Trátase dunha primeira listaxe.

As actividades que indican como involucrados todos os cursos é porque son unha base para introducir enunciados de tarefas/exercicios dentro de todas as materias e iso ten que adaptarse ao desenvolvemento curricular destas, ou ben porque inclúen unha saída, ou participación nun taller/conferencia.

Con respecto ao currículo cada materia escollerá estándares e obxectivos asociados ás actividades, así por exemplo, alumando de economía estudará o obxectivo de desenvolvemento sostible “Acción polo clima”

Os posibles produtos finais son: o blog do proxecto, a estación meteorolóxica e os datos obtidos, calendario de 2019, carteis e trípticos divulgativos, meteofotos, cancións, vídeos, noticiario, enquisas, e deseños de aparellos de medición.

• ACTIVIDADE 0 (xa feita)

Obxectivos: presentar ao profesorado o tema que guiará todo o traballo a desenvolver durante este curso académico, invitando a participar a todos e crear a infraestrutura asociada. Trátase dunha tarefa anual na que tamén se indica aos participantes que **o programa elixido debe figurar nas programacións das materias implicadas e no plan anual**.

Materias implicadas: todas

Cursos: todos

Título: presentación do proxecto, tema, nome, compoñentes e infraestrutura. Elaboración da solicitude para o Plan Proxecta.

Descrición: no claustro inicial do curso a coordinadora TIC presentou os programas do plan proxecta a participar e invitou a participar a todo o profesorado. Neste curso a temática é o **clima** e por iso **se solicita a inclusión no programa MeteoEscolas**. Elabórase un primeiro documento para cubrir na web do Plan Proxecta e como non fomos admitidos e seguimos interesados en participar elabórase a reclamación. Neste intre estamos a completar a listaxe de actividades para optar a unha segunda oportunidade.

• ACTIVIDADE 1 (xa feita)

Obxectivos: concienciar ao alumnado sobre a importancia do clima e a súa influencia nas nosas vidas, motivalo para participar no proxecto. A funcionalidade desta tarefa foi dobre, por unha banda a introdución no tema anual (o clima), e por outra preparar a solicitude de participación no concurso [“Detectives climáticos”](#) convocado pola ESA.

Materias implicadas: todas

Cursos: todos

Título: Problemas do clima na nosa zona.

Descrición: escribe ideas para o proxecto sobre un problema relacionado co clima que detectes na nosa zona. Engade que observacións faremos para estudalo, medición de temperaturas, de cantidade de choiva, etc. Redáctao en forma de pregunta como se fose un titular de prensa, logo vota entre todas as ideas presentadas a que che pareza mais interesante..

- **ACTIVIDADE 2 (desenvolvéndose)**

Obxectivo: Introducir ao alumnado os conceptos básicos do tema e adquirir un vocabulario necesario para o seu desenvolvemento.

Título: A meteoroloxía, unha ciencia.

Materias implicadas: todos. (Distribuír contidos - manualidade - exercicios- etimoloxía)

Cursos: todos. (O curso onde se imparta por primeira vez fará a entrada no blog)

Descrición: de onde ven a palabra meteoroloxía? que é un meteoro? estudamos a etimoloxía da palabra e os seus derivados, e aprenderemos a riqueza da nosa lingua nesta temática. Imos ver os dous conceptos mais importantes, o tempo e o clima, e iniciaremos unha listaxe de palabras clave (primeiro na aula virtual como paso previo á publicación no blog). Coñeceremos a composición da atmosfera e a súa importancia para a vida, así como os fenómenos meteorolóxicos que se producen nela. Comprenderemos o que é a presión atmosférica e como medila e faremos un barómetro na casa.

- **ACTIVIDADE 3 (desenvolvéndose)**

Obxectivos: Coñecer que é un climograma e que pasos hai que seguir para elaboralo. Obter datos de webs especializadas sobre o observatorio da zona de interese e aprender a interpretalos. Difundir o traballo elaborado no **blog** do proxecto e noutros cursos do centro.

Título: elaboración dun vídeo dun climograma

Materias implicadas: matemáticas, xeografía e lingua galega

Cursos: 1º, 2º e de ESO

Descrición: o alumnado de 2º de ESO ten que facer un **vídeo** (guión incluído), sobre a realización dun **climograma** e logo, ademais de publicalo terá que amosalo ao alumnado de 1º e 3º de ESO para que eles tamén fagan un. Na [carpeta da actividade](#) están o guión e a rúbrica.

- **ACTIVIDADE 4 (desenvolvéndose)**

Obxectivos: divulgación e concienciación do alumnado sobre a necesidade de tentar contribuír a reverter o cambio climático.

Título: acción polo clima.

Materias implicadas: Iniciación á actividade emprendedora, economía, cultura científica, lingua galega.

Cursos: 3º e 4º de ESO.

Descrición: elaboración de **carteis divulgativos**, inventar unha **canción sobre o cambio climático**.

• ACTIVIDADE 5

Obxectivos: Comprender o concepto de magnitude a partir das asociadas ao estudo do clima. Manexar aparellos de medición, e aprender nun contexto real as unidades de medida e os cambios entre elas.

Título: medindo temperaturas e cantidade de auga caída. Difusión no centro educativo.

Materias implicadas: matemáticas, física e química, lingua galega.

Cursos: 1º, 2º, e 3º de ESO

Descrición: comezaremos estudando que é unha estación meteorolóxica e cales son os instrumentos básicos que contén. Aprendemos como se recollen os datos de temperatura e cantidade de choiva, e faremos a práctica real. Se participamos no programa MeteoEscolas subimos os datos á web seguindo o protocolo indicado. Tamén os publicaremos no noso blog <https://hydraula.blogspot.com/>. Como o noso centro ten unha **pantalla de divulgación** na entrada a usaremos para difundir estes datos.

Axudas: [Como medir a auga de chuvia](#) [Como medir a temperatura](#) ... solicitaremos unha xornada formativa na web de MeteoEscolas. Miraremos os exemplos doutras comunidades <http://www3.gobiernodecanarias.org/medusa/proyectos/clima/>

• ACTIVIDADE 6

Obxectivo: colaborar na rede con outros centros educativos na observación de meteoros, adquirindo un compromiso mais aló deste curso académico.

Título: galería de imaxes, explora e contribúe

Materias implicadas: bioloxía, xeografía e historia.

Cursos: 3º e 4º de ESO

Descrición: exploración de imaxes relacionadas con fenómenos atmosféricos e con catástrofes naturais (incendios, inundacións ...). Apps relacionadas que permiten ver e colaborar nestas tarefas. Estudo da posible participación no [programa GLOBE](#) e colaborar con outro centro galego que xa ten experiencia neste programa. Exemplos de **meteofotos** en distintas webs <https://meteoescuela.aemet.es/cantabria/>

• ACTIVIDADE 7

Obxectivo: coñecer os traballos que fan as empresas galegas relacionados cos satélites e as aplicacións destes no estudo do clima.

Título: charla sobre satélites (3 de decembro)

Materias implicadas: todos.

Cursos: todos.

Descrición: **conferencia** a cargo do enxeñeiro de telecomunicacións Aarón Nercellas sobre os nanosatélites. Ademais de contarnos que é un satélite indicará cales son as aplicacións deste na meteoroloxía.

• ACTIVIDADE 8

Obxectivos: investigar os fenómenos climatolóxicos adversos e a súa temporalización, así como a súa incidencia na mobilidade. Elaborar un mapa de riscos da zona de mobilidade de alumnado e profesorado do centro e das familias. Concienciarnos de que é preciso tomar

precaucións cando hai avisos por inclemencias do tempo e difundilo mediante un anuncio publicitario. Coñecer onde se poden consultar estes avisos e colaborar na súa difusión.

Título: mapeando o tempo. Zonas de risco de accidentes. Anuncio publicitario sobre o risco de accidentes e o tempo.

Materias implicadas: física e química, matemáticas, cultura científica, lingua galega, economía, iniciación á actividade emprendedora e empresarial.

Cursos: 1º, 2º, 3º e 4º de ESO.

Descrición: Estudo das incidencias climáticas acontecidas durante un ano a partir de datos extraídos de Meteogalicia. Centrarse na zona sur de Lugo (desprazamentos típicos Lugo - Monforte - Ourense) e ver a estatística de accidentes da DGT. Investigar conexións entre ambos. Valorar si as precaucións e sinalizacións asociadas a estes avisos son suficientes ou se poden mellorar. Estudo dos accidentes “in itinere” relacionados co clima e o seu coste social. Elaborar un **anuncio publicitario** sobre o clima e os accidentes de mobilidade.

• ACTIVIDADE 9

Obxectivo: participar nunha rede de centros de recollida de datos meteorolóxicos con material propio. Investigar os elementos necesarios para construír unha estación, o prezo destes e as horas de traballo (proxecto de enxeñería). Recoller e interpretar os datos obtidos polos instrumentos da estación e publicar os resultados. Valorar a posibilidade de uso para agricultores da comarca que teñan viñedos entre outros cultivos.

Título: construción dunha estación meteorolóxica con Arduino con sensores de temperatura e humidade.

Materias implicadas: economía, iniciación á actividade emprendedora e empresarial, tecnoloxía, programación, economía, física e química, matemáticas.

Cursos: 4º de ESO, colabora o ciclo superior de sistemas de telecomunicación e informáticos e o alumnado de STEMBach.

Instalar unha Estación Meteorolóxica Automática alimentada a panel solar, con ordenador. Ampliación 1, conexión bluetooth ao teléfono móbil cunha app.

Ampliación 2 (próximo curso), completar a estación con outros sensores, por exemplo, de presión e ultravioleta, e conexión á rede.

Exemplos: [vídeotutorial](#)

<http://arduinoamuee.blogspot.com/2014/04/proyecto-arduino-android-temperatura-y.html>

http://mestreacasa.gva.es/c/document_library/get_file?folderId=500012517226&name=DLE-E-673699.pdf

• ACTIVIDADE 10

Obxectivos: coñecer que é o vento, como se mide e cales son os tipos de vento, así como que nomes usamos en Galicia para eles. Saber cal é a relación entre o vento e a presión e como se representa nos mapas. Investigar os índices mais empregados para designar fenómenos adversos relacionados co vento (tornados, ...). Coñecer como se mide a temperatura do aire e como inflúe este na sensación térmica e na nosa saúde. Saber cal é a composición da atmosfera e cando falamos de contaminación atmosférica, investigar que podemos facer para non contaminala.

Título: O vento. O aire e a composición atmosférica. Contaminación. Difusión no centro educativo mediante un “noticario”.

Materias implicadas: Física e química, economía, matemáticas, cultura científica, lingua galega.

Cursos: 1º, 2º, 3º e 4º de ESO.

Descrición: distribuír por cursos os temas de investigación, preparar un [noticario](#) coa información recollida que inclúa a explicación dun mapa de isóbaras. (Valorar que un determinado fenómeno meteorolóxico, como a influencia do vento na nosa saúde mental, pode ser atenuante dun delito, por exemplo o [efecto Foehn](#))

• ACTIVIDADE 11

Obxectivos: comprender a relación entre as condicións climáticas e o risco de incendios forestais e cales son as variables que mais inflúen. Coñecer onde se publican estes datos e como acceden a eles os cidadáns e os profesionais, e os protocolos a seguir segundos índices de risco en cada momento.

Título: incendios forestais e clima. Datos climáticos para investigación de incendios. App “Sen lume”

Materias implicadas: todas.

Cursos: todos.

Descrición: solicitar unha **charla** impartida polo investigador de incendios do Distrito VIII coa temática da influencia da climatoloxía na orixe e no desenvolvemento dos lumes, e tamén dos datos que se consultan para elaborar o informe pericial. Elaborar un resumo para publicar no **blog**. **Actualizar a app SEN LUME** que fixeramos no noso centro. (A actividade xa a fixemos hai cinco anos, agora a retomamos con outro enfoque

<http://montesenlume-investigacion.blogspot.com/2013/12/tecnoloxia-empregada-na-investigacion.html>)

• ACTIVIDADE 12

Obxectivos: coñecer que é a radiación solar e como afecta ás nosas vidas. Saber cantas horas temos de sol segundo a época do ano e debater sobre a necesidade ou non de adaptar a hora do reloxo á hora solar. Investigar os medicamentos que toman nenos, anciáns, e poboación de risco para previr enfermidades relacionadas coa radiación solar.

Título: Insolación. Radiación solar.

Materias implicadas: Física e química, lingua galega, economía, iniciación á actividade emprendedora e empresarial, bioloxía.

Cursos: 1º, 2º, 3º e 4º de ESO.

Descrición: Investigar as horas de luz solar segundo a época do ano e a conveniencia ou non de realizar o cambio horario polas súas repercusións económicas nas empresas. Facer unha **enquisa** sobre o tema do cambio horario. Consultar cales son as enfermidades relacionadas co sol e a forma de previlas e facer un **tríptico** con consellos (consultar ao profesorado e alumnado do ciclo de auxiliar de enfermería, [exemplo](#)).

• ACTIVIDADE 13

Obxectivos: interpretar o estado do ceo, os tipos de nubes. Comprender como se forman as tormentas e a súa relación coa carga eléctrica. Divulgar as medidas a tomar cando se produce unha tormenta e valorar a posibilidade de que nos ocorra.

Título: Tipos de nubes. Humidade e electricidade. Raios.

Materias implicadas: Física e química, cultura científica, lingua galega, matemáticas.

Cursos: 1º, 2º, 3º e 4º de ESO.

Descrición: investigar os tipos de nubes e cales son as relacionadas coas tormentas, como se forman os raios e cal debe ser o noso comportamento cando hai tormenta, **elaborar un cartel con consellos**. Elaborar estatísticas sobre número de raios caídos anualmente na comarca, incidencias relacionadas con estes e mortalidade asociada.

• ACTIVIDADE 14

Obxectivos: relacionar a meteoroloxía coa agricultura (agrometeoroloxía e agroclimatoloxía), como se desenvolveu ao longo da historia e cal é a situación actual. Coñecer elementos culturais relacionados coas tarefas do campo e as épocas do ano: calendarios, refráns, e as súas orixes (astrometeoroloxía).

Título: [agricultura e meteoroloxía. Calendarios meteorolóxicos e agrícolas \(o mentireiro-verdadeiro\) e a súa “base científica”. Refráns relacionados con fenómenos atmosféricos. Actualidade: apps agrometeorolóxicas e de alertas](#)

Materias implicadas: Iniciación á actividade emprendedora, economía, física e química, matemáticas, cultura científica, lingua galega.

Cursos: 1º, 2º, 3º e 4º de ESO.

Descrición: investigar os calendarios agrícolas máis coñecidos a partir de entrevistas a familiares maiores (avós ...) e o seu fundamento. Aproveitar a consulta para recoller datos sobre refráns deste tema. **Publicar un calendario de 2019** onde se amosen refráns para cada época do ano e consellos e predicións a partir dos datos recollidos. (Ex [almanaque](#))

• ACTIVIDADE 15

Obxectivos: coñecer como se forma a néboa, os tipos de néboa, e os seus efectos na natureza, animais e persoas, na agricultura, e tamén como causa de accidentes. Valorar posibles aproveitamentos económicos como recurso natural.

Título: [a néboa: construción dun atrapanéboas \(captadores de néboa\).](#)

Materias implicadas: Iniciación á actividade emprendedora, economía, física e química, matemáticas, cultura científica, lingua galega.

Cursos: 1º, 2º, 3º e 4º de ESO.

Descrición: le [este artigo](#) sobre a néboa e pensa si en Monforte sería de interese facer un estudo similar. Imos investigar como se forma a néboa na nosa cidade e noutros lugares e as súas consecuencias positivas e negativas (lembra que en Monforte a néboa permanece durante días, que tipo de néboa pode ser? a que cres que se debe isto?)

II- Materias e cursos

[Bioloxía e Xeoloxía](#) 1º de ESO

[Física e química](#) 2º e 3º de ESO

[Ciencias aplicadas á actividade profesional](#) 4º de ESO

[Cultura científica](#) 4º de ESO

[Economía](#) 4º de ESO

[Iniciación á actividade emprendedora e empresarial](#) 4º de ESO

[Lingua galega e literatura](#) 1º de ESO

[Matemáticas](#) 1º E 2º de ESO

[Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas](#) 3º E 4º de ESO

[Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas](#) 4º de ESO

[Xeografía e historia](#) 2º de ESO

III- Profesorado

- Raquel Aira González: Lingua e literatura galega
- Cristina Crespo Vázquez: Física e química, Bioloxía, Ciencias aplicadas á actividade profesional.
- Ana Mª López Legaspi: Matemáticas
- Marcelino Pedredo Arias: Matemáticas
- Amancio Rodríguez Rodríguez: coordinador STEM
- Cristina Santana Penín Economía: Iniciación á actividade emprendedora e empresarial.
- Olaia Torres Vázquez: Xeografía e historia
- Mª Jesús Casado Barrio: coordinadora do proxecto, Matemáticas.

III- Recursos e metodoloxía. Espazos de traballo.

O proxecto precisa de lugares onde traballar **en privado** e tamén onde **publicar** tarefas e resultados.

Para o primeiro empregamos aulas virtuais, no caso do **primeiro ciclo de ESO** o desenvolvemento está a facerse na aula virtual EDIXGAL na que hai un curso aberto para a distribución de información entre o profesorado e alumnado e as tarefas de aula de 1º e 2º.

Para **3º e 4º de ESO** os contidos están publicados na aula virtual do noso IES dentro de cada unha das materias. Aquí tamén compartimos actividades co bacharelato e os ciclos formativos que colaborarán puntualmente.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesfranciscodavinarey/aulavirtual2/>

Os paneis de difusión de actividades ao público en xeral son a rede social twitter [@IESDAVINAREY](https://twitter.com/IESDAVINAREY) e o blog do proxecto Hydraula <https://hydraula.blogspot.com/2018/10/hydraula.html> . Estamos pendentes de que o alumnado do STEMbach decida a liña de investigación a seguir, no caso de que elixa algo relacionado con estes temas tamén será publicado no blog.

←

HYDRAULA

BUSCAR

Compartir

Etiquetas

CMAOT

Consellería de Medio Ambiente

curso 2018-2019

MeteoEscolas

Meteogalicia

Plan Proxecta

octubre 25, 2018

HYDRAULA+



O nacemento de **HydrAula+** é consecuencia das inquedañas xurdidas a partir do proxecto **HydrAula** do curso pasado, no que iniciamos un estudo sobre os ríos e a auga na nosa contorna que foi medrando en ideas, quedando algunhas inconclusas. Por outra banda a inestabilidade climática, con periodos de seca e outros de choiva, non deixou marxe para facer os experimentos programados e prende en nós a preocupación polo cambio climático.

Con estas premisas, iniciando o curso 2018-2019 solicitamos un novo programa do **Plan Proxecta**, "**MeteoEscolas**", agardando que as tarefas que realicemos sirvan para continuar as anteriores. Iste programa está vinculado á **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e**

Ademais o noso centro é partícipe nas convocatorias que a Consellería de Educación pon ao dispor dos centro educativos para amosar os proxectos de centro, polo que agardamos facer presentacións públicas nestes eventos. Coa fase anterior deste proxecto participamos na 1ª feira STEMLab <https://hydraula.blogspot.com/2018/04/stemlab.html>



A **metodoloxía de traballo** é a asociada ao ABP, desenvolvemento de actividades individuais e grupais dentro do horario de clase e do currículo, con avaliacións que empregan como instrumento rúbricas e tamén outras extraescolares como visitas a centros especializados e saídas de investigación. Neste proxecto queremos visitar a sede de Meteogalicia, e os lugares da zona onde hai unha estación meteorolóxica, por exemplo en Bóveda.

Tamén solicitamos charlas de especialistas, a primeira que temos prevista é con Aarón Nercellas, que nos falará dos satélites construídos en Galicia e as súas posibilidades.



AARÓN NERCELLAS

INGENIERO DE TELECOMUNICACIONES

Me apasiona viajar, la ciencia
y tecnología y pasármelo
bien. Como no pude ser
astronauta, trabajo con
nanosatélites.

Como o noso centro é pequeno vémonos tódolos días pero a maiores o profesorado emprega documentos compartidos coma este para deseñar tarefas e tamén a nube de Office 365. Facemos reunións persoais varias veces na semana para deseñas as actividades por materias e unha global cando menos unha vez ao mes.

IV- Enlaces

Blog do proxecto primeira entrada

<https://hydraula.blogspot.com/2018/10/hydraula.html>

WEBS OFICIAIS CON MATERIAS EDUCATIVOS

<http://www.meteogalicia.gal/web/index.action>

https://www.meteogalicia.gal/web/formacion/formacionIndex.action?request_locale=es

<https://meteoescuela.aemet.es/cantabria/>

<https://cab.inta-csic.es/uploads/culturacientifica/adjuntos/20130121115236.pdf>

<http://www.aemet.es/es/conocermas/meteoeduca>

<http://www3.gobiernodecanarias.org/medusa/proyectos/clima/>

<http://www.coruna.gal/medioambiente/es/divulgacion-y-educacion-ambiental/educacion-ambiental/actividades?argIdioma=es#1395281766101>

Outros enlaces de interés ...

SIAM Xunta de Galicia <https://siam.xunta.gal/>

Meteoroloxía en xeral moi básica.

<https://cab.inta-csic.es/uploads/culturacientifica/adjuntos/20130121115236.pdf>

https://www.aemet.es/documentos/es/conocenos/nuestra_historia/breve_historia_meteorologia.pdf

Proxecto sobre lumes forestais e atmósfera

<http://lifetec.uvigo.es/es/el-proyecto/>

Blogs educativos con ideas para a aula sobre meteoroloxía ...

<https://leccionesdehistoria.com/>

ESA

Concurso “Detectives climáticos”

<http://esero.es/actividades/concursos/detectives-climaticos/>

https://www.esa.int/Our_Activities/Observing_the_Earth/Space_for_our_climate/Climate_at_your_fingertips

EO Browser (arquivo de imaxes terrestres para comparar e estudar cambios climáticos)

https://www.sentinel-hub.com/apps/eo_browser

Iniciativa contra o Cambio Climático da ESA

<http://cci.esa.int/>

Misións de observación da Terra da ESA

https://www.esa.int/Our_Activities/Observing_the_Earth/ESA_for_Earth

Imaxen da Semana de Observación da Terra de la ESA

http://www.esa.int/spaceinimages/Sets/Earth_observation_image_of_the_week

NASA

NASA educación

<https://www.nasa.gov/offices/education/about/index.html>

NASA en español

<https://www.lanasa.net/news/>

Visualizador de la NASA

<https://svs.gsfc.nasa.gov/nasaviz/>

INCENDIOS FORESTAIS

Área de incendios forestais http://mediorural.xunta.gal/areas/forestal/incendios_forestais/

ARTIGOS

Agrometeoroloxía

<http://www.pluviometro.com/Ditemasdivul/agromet.html>

Curso completo da Politécnica de Madrid en aberto sobre climatoloxía (alto nivel)

<http://ocw.upm.es/ingenieria-agroforestal/climatologia-aplicada-a-la-ingenieria-y-medioambiente/material-de-clase>

Mentireiro verdadeiro e outros calendarios “agrícolas - climáticos”


<http://revistas.um.es/medievalismo/article/view/183261/152601>

<http://www.divulgameteo.es/fotos/meteoroteca/Zaragozanos-Pascual.pdf>


<https://www.syngenta.es/almanaque-agricola>

V- APPS

Apps de [Meteogalicia](#)




Apps de la ESA [en google Play](#)



[Climate fromSpace](#) (Amazon)

Apps de la NASA en [google Play](#)



Apps relacionadas con el clima y la agricultura

<http://info.climavista.com/tutoriales-climavista-agro>

Instrumentación

Webs de venta que aportan ideas para construcción de medidores ...

<https://www.geopacks.com/>

VI- Outros proxectos do centro

Todos os proxectos poden consultarse nos blogs de referencia

- [HydrAula](#)
- [Comacincinco](#)
- [Tips de ruta](#)
- [Monte sen lume](#)
- [Talencrea \(impresión 3D\)](#)

- [Proxecto publicitario LEMOS](#)
- [SOS Quemados](#)
- [Consumo e deporte](#)